

CONCELLO DE PONTEAREAS

BASES DO IV CONCURSO DE KARAOKE “Festas de Setembro”

1.- Participación

1.1- A participación no concurso de karaoke é libre e de balde. Poderán participar no IV Concurso de Karaoke de adultos os interesados a título individual ou en grupo, cun máximo de tres compoñentes, que previamente teñan superado a fase de clasificación que terán lugar os días, 20 e 27 de agosto no karaoke Vox. A final do IV Concurso de Karaoke de maiores terá lugar o venres, día 9 de setembro a partir das 22:00 horas, adultos na Praza Maor. En caso de mal tempo trasladaríase ao auditorio Municipal

1.2- O concurso de karaoke xuvenil non contará con fase de clasificación e iniciarase ás 19:00 horas do día, 9 de setembro coa participación dos interesados que deben anotarse ata o día, 6 de setembro no modelo que se facilitará no karaoke Vox ou no Departamento de Cultura do Concello de Ponteareas.

1.3- O número máximo de participantes no apartado xuvenil será de 25 e no apartado de adultos será de 20.

2.- Inscripción

2.1- A inscrición pode realizarse no departamento de Cultura do Concello de Ponteareas ou en karaoke Vox. No caso de menores de idade deben xuntar coa inscrición a correspondente autorización dos pais ou títules legais.

3.- Actuación

3.1- No suposto de que algún dos participantes queira interpretar un tema ou versión específico, deberá traelo no seu propio pendrive, debendo este conter no seu interior unicamente a canción en formato mp4. A canción entregaráselle a organización o día da preselección de participantes que terá lugar no karaoke Vox.

4.- Xurado

4.1-O xurado estará formado por un grupo de entre 3 a 5 persoas que decidirán os gañadores dos premios deste IV Concurso de Karaoke “Festas de Setembro”. Establécense dúas categorías: adultos (maiores de 16 anos), xuvenil (de 07 a 16 anos).

4.2- Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta de acordo co criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases e a renuncia expresa dos participantes a interpoñer reclamación algunha.

5.- Premios

5.1-O Concello de Ponteareas concederá no IV Concurso de Karaoke “Festas de Setembro” os seguintes premios:

Adultos:

1º premio: Trofeo e un bono para dúas persoas para pazo da auga + cea.

2º premio: Trofeo + xantar ou cea para dúas persoas nun establecemento hosteleiro da localidade

3º premio: Trofeo + Diploma acreditativo

Xuvenil:

1º, 2º e 3º premio: Trofeo + Diploma acreditativo